

COMITÉ DE APELACIÓN
FEDERACIÓN GALEGA DE BALONMÁN

Recurso de Apelación: 6/ 2025

Vigente la medida Cautelar 6/2025

Solicitante: Montserrat Rey Salorio e Manuel Alberto Gil-Rivera García

RESOLUCIÓN

Visto o recurso de apelación presentado polo Club Atlántico, e asinado por Montserrat Rey Salorio e Manuel Alberto Gil-Rivera García en data 10/04/2025, no que solicitan a revogación dunha resolución sancionatoria imposta polo Comité Territorial de Competición en resolución de 26 de marzo de 2025, por non estar de acordo coa sanción; pedindo asemade a asunción de medidas cautelares en canto non recaia resolución.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- O 26 de marzo de 2025 O Comité Territorial de Competición da Federación Galega de Balonmán, facendo uso das súas facultades e competencias, resolveu sancionar a doña Montserrat Rey Salorio suspensión de 4 meses de competición oficial e multa de 500 €; e a don Manuel Alberto Gil-Rivera con suspensión de 3 encontros oficiais.

SEGUNDO.- Sancións que veñen de ser recorridas polos sancionados mediante recurso, presentado en tempo e forma.

A salvo do fondo do asunto solicitaron a suspensión do cumprimento da sanción como medida cautelar, medida que foi concedida pola resolución cautelar 6/25 de 11 de abril de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Vulneración del procedimiento sancionador.

A adversa pide con carácter previo, como se dunha cuestión procesual se tratase a anulación da resolución, pola suposta inobservancia do procedimientto sancionador. Valórase no presente fundamento tanto a primeira como a terceira alegación do recurso.

Trátase de anular a sanción nin sequera pola vulneración do proceso sancionador da Federación, senón alegando que o noso Regulamento infrinxe normas superiores e polo tanto é un procedemento nulo.

O Regulamento vincula a este Comité de Apelación, e aínda se este fose contrario a una norma superior e por tanto anulable, dependería a súa validez dun Tribunal externo e non cabería pronunciamento ao respecto por este Comité, non competente para dirimir tal cuestión; de feito supondría a impugnación do Regulamento e non só a da sanción imposta. **O clube tería que ter impugnado o Regulamento para enarbolar dita pretensión.**

A resolución no competaría a este Comité que ten arrogadas competencias precisamente pola aplicación do RRDG e segue o procedimientto sancionador contenido no mesmo, á marxe de que este fose impugnado u irregular, circunstancia ademáis que defendemos non se da.

A adversa reduce todo a que se aplica a lei do deporte e que o proceso a contradí, aseveración incerta. Así como tampouco se contradí a Lei 30/1992 nin a 39/2015. Ante todo, porque como dice no seu propio recurso a aplicación de estas normas é supletoria, para todo aquilo que non estivese regulado por la norma específica que é o RRDG, norma que establece sen dúbida algunha quen tramita o procedemento ordinario e máis o extraordinario.

Unha norma con rango superior non quiere dicir que teña prevalencia frente á específica, senón que a xeral suple lo que ésta non regula.

A título meramente ilustrativo, como exemplos moi gráficos, hai multitude de procesos administrativos sancionadores que resolve o instructor, como por exemplo as direccións provinciais de Tráfico, ou os procesos xudiciais por delito leve que son ante os tribunais de instrucción por completo, sendo sen duda o delito a infracción máis grave que existe para a incoación, tramitación e resolución dun procedemento sancionador.

Así, quedan desvirtuadas as alegacións primeira e terceira do recurso, así como descartada a vulneración de principios del derecho sancionador, ex artículo 134 de Lei 30/1992, artículo 63 de la Lei 39/2015 o el 105 de la Lei 3/2012. O proceso sancionador a seguir polo Comité Territorial de Competición é o recollido no RRDG, en caso de que este tivera lagunas completaría-se con outras normas, que non é el caso; e no remoto caso de a que fose *contra legem* el RRDG é esta norma a que debe impugnarse, non recurrirse a resolución sancionadora. De feito esta apelación ríxese polo mesmo RRDG.

Por outra banda, este **Comité quiere destacar que non é un órgano administrativo**. É un órgano disciplinario non suxeito á directiva federativa pero sí ás normas da Federación, que como parte de ésta exerce a súa potestade sancionadora por delegación da Administración. A Administración pública delega competencias de promoción do deporte nas Federacións e con ela a capacidade sancionadora, pero non somos Administración pública, senón un ente semipúblico, en tanto exercemos competencias delegadas, pero de iniciativa particular.

SEGUNDO- Proceso aplicable.

Na cuarta alegación fala tamén da vulneración do proceso, pero neste caso por non ter aplicado o procedemento ordinario a don Manuel Alberto Gil- Rivera.

O procedemento extraordinario é máis garantista cos dereitos dos axentes intervinentes (clubes, adestradores, delegados, xogadores, árbitros) e por tanto nunca sería motivo de nulidade, anulabilidade dunha sanción, ou unha posible causa de indefensión.

O razonamento da adversa ademáis non ten senso porque sinala que non se teñen en conta as súas alegacións polo tipo de proceso que se elixe; novamente erra. Os escritos de alegacións presentados son idénticos, teñen ate

a mesma data e obvio tense en conta unha única vez e non por duplicado. O Comité de competición ten en conta as alegacións, pese a que éstas non sexan admitidas e non modifiquen o procedemento. En ningún caso o tipo de proceso impide ou significa a admisión ou non de alegacións; e neste caso o extraordinario ten maiores prazos e garantías.

Novamente intenta a adversa desacreditar o RRDG porque o procedemento extraordinario, reitero: máis proteccionista, non se contempla na lei do deporte. Esta parte está na obriga de motivar as súas resolucións, pero non ten moito sentido facer alegacións de nulidade con base no incumprimento de leis que non son directamente aplicables: a lei do deporte, que non é de disciplina deportiva, que é supletoria, tampouco se contempla o procedemento extraordinario do RRDG noutras miles de normas de rango superior; trataría de aportar máis claridade exemplificativa pero é que non hai maior motivación para desestimar a alegación que a norma alegada pola adversa (lei do deporte) é supletoria.

O proceso a seguir é o contemplado no RRDG, non alega adversa vulneración de éste algunha; senon que o Regulamento é incorrecto, nulo, ilegal, contrario a normas supletorias, por ser de rango superior, esquecendo que supletoria, quere dicir que rixe no que non contemple o RRDG, que non vulnera ningunha norma imperativa superior, de feito, non se alega, polo que tamén se desestima ese motivo de recurso.

TERCEIRO.- Inexistencia de indefensión.

Como xa se dixo, o propio Comité de Competición foi celoso e aplicou a ámbolos dous recorrentes o procedemento extraordinario. Por esta parte queda fora de toda dúbida a recabación de datos polo Comité, que ten acceso a acta, proba con presunción de veracidade.

O contido das actas é veraz mentres non se demostre o contrario. Isto está fora de toda dúbida e así é de feito nos procedementos administrativos tipo, xa que a recorrente o asimila a éstos (un axente de tráfico redacta unha sanción e ésta e a principal proba de cargo da DGT). A adversa sinala como probas posibles a súa chamada a Carlos Rodríguez, chamada para notificar que árbitra estaba encerrada como proba, iso non proba máis que se chamou; coñecemos que se encerrou voluntariamente, de feito non se sanciona o secuestro irregular de persoas; coñecemos que a árbitra optou por non continuar arbitrando por decisión propia, non se sanciona a coacción para arbitrar; o relevante sería

probar o motivo polo que esa colexiada (menor de idade) non se encontrou en condicións físicas e psíquicas de manter o encontro, e ningunha das probas propostas de adverso, (unha chamada entre terceiros de notificación) proba iso. A conserxe pode testificar sobre a marcha voluntaria da árbitra, e quizáis tamén de cómo involuntariamente foi sacada do seu vestiario, pero non ten relevancia algunha para os feitos probados, menos aínda para exculpar aos sancionados, xa que sería a versión dun terceiro con menos peso que a testemuña recollida na Acta arbitral, que como avanzamos ten presunción de veracidade polo RRDG.

En calquera caso, na instrucción e por este propio Comité recabouse información, e Carlos Rodríguez estando de guardia recibiu primeiramente chamada da colexiada, perante a mesma escoitou parte da conversación con dona Montserrat e tras a chamada ao non contestar a colexiada, chamou él a dona Montserrat. Polo que non é ela quen notifica que a árbitra está encerrada e non pita, Carlos xa tiña aviso previo da colexiada. En calquera caso, os feitos non desvirtúan os feitos considerados infraccións.

O Comité Territorial de Competición si considera formuladas as alegacións, si as contempla e valora e as desestima lexítimamente, igual que este Comité de forma motivada non so as desestima e valora que non proban absolutamente nada en contra dos feitos probados.

Ambos comités recaban información de todos os axentes que consideran, non se celebra unha comparecencia nin un careo entre eles (como saben por experiencias previas (que son reincidentes) e pola lectura do RRDG), por suposto tiveronse aclaracións e conversacións coa árbitra.

CUARTO.- Proba en contra da resolución recorrida. Validez da acta arbitral.

O recurso como punto primeiro fala de falta de base, a base da sanción é contido da acta arbitral. Non resultará sorpresivo, xa que non so consta na norma aplicable, senón xa foron sancionados previamente polo contido dunha acta arbitral. O RRDG arroga as actas plena validez como proba de cargo, presunción de veracidade e unhas características que non se atacan de adverso, xa que non se aporta proba algunha en contra do contido da mesma.

As Actas e contido das mesmas veñen regulados polos artigos 179 e 180 do Regulamento de Partidos e Competicións da Federación Española de Balonmán:

“os árbitros consignarán nas actas someramente, pero con absoluta claridade cantos incidentes ocorran durante o partido e con relación a o seu desenvolvemento, especialmente os casos de faltas contra a autoridade arbitral, agresións ou ofensas entre ou contra os xogadores/as, determinacións adoptadas, descontos de tempo e prórrogas, etc., refirindo os feitos pero absténdose de calificalos”

“A acta do partido, e no seu caso o anexo da acta redactado polos árbitros, constitúen unha das bases fundamentais e medio documental necesario para as decisións que haxa de adoptar o Comité de Competición. As declaracións dos árbitros e delegados federativos, que se formulen por escrito, presumense certas, salvo error materialmente manifesto ou probado po los órganos competentes.”

Dito isto entendemos que o Comité de Competición debe dar credibilidade total ó que nela se recolle.

Non cabe dúbida da validez de todo o recollido.

QUINTO.- Incongruencias acta.

O Comité Territorial de Competición exerce a disciplina deportiva contra todos aqueles que vulneren as normas. Se os recorrentes pretenden que se imponha a árbitra do encontro unha sanción, por considerar que exerce ás súas labores de forma deficiente, pode instar unha denuncia, e se lle dará trámite. O Comité inicia aqueles procesos que considera de oficio, pero debe dar curso aos promovidos a instancia de parte.

Dito isto, a existencia de estas supostas incongruencias nas actas non merma a validez da acta, nin afecta os feitos sancionados. Os árbitros non teñen que sinalar nos anexos o segundo de cada insulto, e máis cando especifican que se trata dunha actitude continuada, xa que se reproducen textualmente máis de 6 increpacións distintas en 8:07 minutos de encontro.

Que non se cubrira o número de espectadores non é unha contradicción, non se cubriu, a propia recorrente reconece a estadía de público nas gradas, circunstancia que sí se pode acreditar co video que adxuntaron ao procedemento; polo que se considera a recorrente que é preciso sancionar a ambos árbitros por non facer constar un número de espectadores por

estimación, que presenten a denuncia pertinente. Pero reiteramos, NON afecta en nada aos actos imputados aos recorrentes.

A modificación dos Delegados de campo, é curioso que se alegue como unha contradicción na acta, cando se sabe que iso non afecta a existencia ou non dos feitos sancionados; porque o que arrisca a adversa e poñer en aviso ao Comité Territorial de Competición de que o equipo abusou da situación cambiando de Delegados, este Comité de apelación non ten potestade sancionadora, senón só revisora e non se entra na incursión de novas infraccións.

SEXTO.- Proba videográfica.

O video que aporta a recorrente é un video onde non se ven as bancadas, onde é imposible distinguir todos os comentarios que sí se escoitan, menos aínda os que non se escoitan. En varios momentos da grabación se escoitan voces distorsionadas.

Non é suficiente para desvirtuar a proba.

SÉPTIMO.- Calificación xurídica.

Os feitos están xustificada e motivamente calificados, non parece nin digno referir si é vexatorio ou insulto o non o recollido na acta. Se imos defender esas expresións como orientadoras do xogo, non hai nada máis que xustificar. Obviamente sí foron desafortunados como recoñecen no recurso e o de irónico ou non, tampouco se vai valorar porque a sorna, retranca e ironía non é literal e a literalidade é clara.

Pero a vista da insistencia do recurso, e de que irónicamente se pretende avergoñar a labor da árbitra e do Comité, máis que defender os feitos consideradores infraccións, que (por outra parte, se ocorreron) son indefendibles por canto se recoñecen desafortunados e que a árbitra debía darlles unha interpretación irónica para non sentirse menospreciada; esta parte conclúe que existiu un menosprecio continuado, grave, máis aínda considerando que a colexiada era menor de idade, ofensivo, humillante ante todo o público provocando perda da dignidade como colexiada, e persoa e que sen dúbida é deliberado, porque a linguaxe non é de por si unha pulsión involuntaria do corpo, salvo síndrome de tourette.

33.a) Enténdase o irónico precisamente de facer un recurso, onde toda pretensión de revocación da sanción é procesal, por defectos de forma e no fondo, non só non se negan os feitos, senón que se xustifican dicindo que " voy a empezar como a los niños pequeños, 1...2...3" non é vexatorio, non ten vontade de humillación, senón que é unha "crítica en clave sarcástica de su forma de interpretar el reglamento". Desestimados os motivos procesais do recurso, é difícil resolver sobre o fondo, cando a parte non só non o nega senón que se mantén xustificando a súa actitude incompatible coa conducta deportiva.

33. g) A árbitra sí recolle na acta a orde que se desobedece: "avisa al Delegado de campo don "Manuel Alberto Gil- Rivera" de que los hiciera parar". Pediu o cese dos "comentarios interpretativos do regulamento en clave sarcástica" e non se produciron á vista da reiteración. Motivo polo que tamén está calificada correctamente esa infracción.

33. h) E con respecto a última, no momento en que os seus comentarios e actitude impiden a consecución normal do partido deportivo está correctamente calificado.

Con respecto a don Manuel.

40 a). Non se sabe se nega a súa presenza no encontro, ou négase a calificación porque a Acta supostamente non pon que esté, o en calidade de que está, porque non aclaran nada a situación, unicamente pretenden librar porque a Acta é incongruente.

34.a) A calificación é correcta. Desconsideración leve é adecuado pola utilización de chiquilla, e de quitarlle valor e peso a situación co "venga chicos". Obviamente é unha interpretación da linguaxe, pero que é a labor dun Comité, que conforme a sana crítica valora as probas, e as motiva e xustifica.

OCTAVO.-Modulación da sanción.

O Comité de Competición valora correctamente as agravantes e a reincidencia. Este Comité pese a ter competencia para a modulación da

sanción aplicable se considera a vulneración do proceso, entende correctamente xustificada a sanción en valoración da idade da colexiada, das circunstancias, da reincidencia e da imposibilidade de continuar co encontro.

En calquera caso, non se entra a dilucidar porque non se solicita de adverso nin como petición principal, nin subsidiaria a revogación parcial e a minoración das sancións.

Por todo o exposto, este Comité de Apelación, reunido ao efecto

RESOLVE

DESESTIMAR o recurso interposto por Montserrat Rey Salorio e Manuel Alberto Gil-Rivera García contra a Resolución 26 de marzo de 2025 que acorda sancionar a ambos recorrentes, CONFIRMANDO a devandita resolución en canto a imposición da sanción a doña Montserrat Rey Salorio suspensión de 4 meses de competición oficial e multa de 500 €; e a don Manuel Alberto Gil-Rivera con suspensión de 3 encontros oficiais.

Procede igualmente o inmediato levantamento da suspensión cautelar que se tiña concedido.

Esta resolución esgota o trámite federativo, contra a mesma cabe recurso perante o Comité Galego de Xustiza Deportiva no prazo de 15 días hábiles, dende a súa notificación.

Comuníquese aos interesados.

Vigo, 22 de abril de 2025
A Presidenta do Comité de Apelación
Asdo. Laura González Solla